



## O 32º Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo despídese este martes con ‘La comedia de los errores’, dirixida polo Premio Nacional de Teatro Andrés Lima

A versión libre sobre a comedia de Shakespeare, á vez baseada nunha de Plauto, contará con seis actores en escena -entre eles, Pepón Nieto, Antonio Pagudo e Rulo Pardo- que interpretarán 24 personaxes diferentes

A obra, que se poderá ver mañá martes, 31 de outubro, ás 21.00h, no Pazo da Cultura de Carballo, coas entradas xa esgotadas, será o ramo do Programa de sala do #FIOT32, cuxa derradeira actividade chegará o 12 de novembro coa gala final do XXII Concurso Escolar de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís

**Carballo, 30 de outubro de 2023.-** O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o FIOT, despídese coa programación do derradeiro espectáculo desta 32ª edición. Mañá martes, 31 de outubro, ás 21.00 horas, o Pazo da Cultura acollerá, no marco do Programa de sala, a representación de *La comedia de los errores*, dirixida polo laureado **Andrés Lima**. O director, recoñecido, entre outros, con numerosos galardóns Max e co Premio Nacional de Teatro 2019, regresa a Carballo logo da función de *Prostitución*, que se puido ver no FIOT en pausa de 2020.

*La comedia de los errores*, producida polo Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida e Mixtolocho, é unha divertida versión libre da comedia de William Shakespeare, á súa vez baseada nunha obra de Plauto, no que seis excepcionais actores -Pepón Nieto, Antonio Pagudo, Fernando Soto, Rulo Pardo, Avelino Piedad e Estaban Garrido- interpretan un total de 24 personaxes. Enredos e equívocos, encontros e desencontros, débedas, xoias, cruzamentos danse cita nunha comedia ateigada de erros que se producen sen parar ata que o desastre se converte nunha festa que celebra a diversidade.

Nesta peza, Andrés Lima constrúe un vertixinoso xogo teatral no que convidará ao público carballés a poñerse no lugar do outro e cuestionar os límites entre o verdadeiro e o falso. Con esta singular adaptación do texto do bardo inglés, o #FIOT32 pecha unha edición marcada pola diversidade e a excelencia, con voces persoais e singulares e dunha notable calidade artística.

Alén da programación de exhibición, estes días o público todavía pode visitar as exposicións *Vida e legado de Carlos ‘O Xestal’* e Zoom FIOT 2022, situadas no andar -1 e 0, respectivamente, do Pazo da Cultura. Finalmente, a actividade desta edición do #FIOT32 pecharase o vindeiro **domingo 12 de novembro coa gala final do XXII Concurso Escolar de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís**, na que se dará a coñecer o nome dos grupos gañadores desta proposta escénica radiofónica dirixida, especificamente, ao alumnado de Bergantiños. Os audios quedarán pendurados na web do FIOT, [www.fiot.gal](http://www.fiot.gal), no apartado Onda FIOT.

ORGANIZAN:



PATROCINAN:



COLABORAN:



MEDIO OFICIAL:





## AXENDA #FIOT32 I 31 DE OUTUBRO

### Martes 31, 21.00 horas. Auditorio do Pazo da Cultura

*La comedia de los errores*, do Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida e Mixtolocho

### Todos os días, de 16.00 a 21.00 horas. Sala de exposicións do Pazo da Cultura (andar -1)

*Vida e legado de Carlos 'O Xestal'*

### Todos os días, no Pazo da Cultura. Pazo da Cultura (andar 0)

Exposición Zoom FIOT 2022

### CONTACTO DE PRENSA FIOT

Luisa Castiñeira | 620 113 155

Lucía Pita | 675 404 321

[comunicacion@fiot.gal](mailto:comunicacion@fiot.gal)

### SALA DE PRENSA #FIOT32

[www.fiot.gal/prensa](http://www.fiot.gal/prensa)

ORGANIZAN:



AC Teión e Aparte

PATROCINAN:



COLABORAN:



MEDIO OFICIAL: